


No ano 2006 dezanove empresas desenvolvían actividade no sector galego da animación, que facturaron máis de 7,5 millóns de euros e deron emprego a 177 traballadores.

Datos económicos da rama de animación en Galicia


	Animación	Total do sector	Animación/Total
Facturación	7.534.065,75	221.629.534,29	3,40%
Resultado	-1.480.857,82	-71.562.010,86	2,07%
Emprego	177,46	2.768,63	6,41%
N.º de empresas	19	412	4,61%
Facturación por empresa	696.099,60	534.199,52	130,31%
Facturación por empregado	73.273,64	80.166,66	91,40%
Resultado por empresa	-107.997,21	-185.876,19	58,10%
Resultado por empregado	-11.368,13	-27.894,21	40,75%
Cadro medio das empresas	9,50	6,66	142,57%

- 37 empresas galegas que desenvolven actividade no sector audiovisual din desenvolver algún tipo de actividade no ámbito da animación, aínda que só en 19 esta é a súa **actividade principal**.
- O 73,68% das empresas galegas que teñen como actividade principal a xeración de contidos de animación están **localizadas na provincia de A Coruña**.
- Case o 70% das empresas do sector **foron creadas despois do ano 2000**.
- Neste sector **operan grupos empresariais** da importancia de Filmax, Dygra ou Continental, que conviven con empresas de reducida dimensión.
- Tanto os Activos Totais como os Fondos Propios destas empresas están por riba da media do sector.
- A **variación do total do volume de negocio** destas empresas en 2006 experimentou un descenso dun -33% sobre o ano anterior.
- Pero o crecemento da facturación acumulado desde o 2000 é do 275,67%.
- Do mesmo xeito, a **variación do emprego xerado** é dun 15,39% entre 2005 e 2006, pero nos últimos dez anos crece un 595,92%.

Distribución provincial das empresas galegas de animación. 2006.



Evolución do emprego nas empresas galegas de animación. 1997-2006.



Evolución da facturación das empresas galegas de animación. 1997-2006.

